EXCELENTISIMO CONCELLO

de

PONTEVEDRA

INFORME-PROPOSTA DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO E DO PREGO DO EXPEDIENTE PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN DEMANIAL DE PARCELA MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO SECTOR B-10-PLAN PARCIAL "A CORVA" DO PXOM

En data 5 de febreiro de 2016 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello escrito da Fundación Juan XXIII solicitando a adxudicación de parcela de titularidade municipal correspondente ao Sector B-10-Plan Parcial "A Corva" do PXOM, de dominio público, para adicala aos seguintes proxectos:

- Centro especial de emprego.
- Emprego con apoio, como complementario do centro especial de emprego e co que se busca a inserción laboral en empresas ordinarias (prospección de emprego, apoio e asesoramento a empresas, formación e inserción laboral en empresas ordinarias e divulgación da metodoloxía Emprego con apoio entre as empresas e colectivos de empresarios).
- Orientación e intermediación laboral para persoas con discapacidade, como servizo para a planificación de itinerarios persoais de inserción axeitados a cada caso concreto.
- Centro homologado de formación a desempregados para persoas con discapacidade.
- Axuste persoal e social dos traballadores do centro especial de emprego e espazo de convivencia, cuxa finalidade é favorecer a calidade de vida das persoas con discapacidade, especialmente intelectual, incluíndo opcións de ocio e culturais.

Posteriormente, en data 19 de abril de 2017 resolveuse iniciar o expediente, e incorporáronse o proxecto que esixe o artigo 84 do RBEL así como o prego de condicións e o informe da asesoría xurídica que é favorable, aínda que precisa que debe eliminarse a referencia ao art. 137.4.b) da LPAP. O presente informe emítese como informe-proposta do servizo de patrimonio.

Considerando que se incorporou a documentación que precisa o artigo 84 do Regulamento de bens das Entidades Locais, de conformidade co artigo 87 do RBEL o proxecto así como os pregos teñen que someterse a información pública por 30 días hábiles e que é competencia da Xunta de Goberno Local acordar o sometemento a información pública, dado que é o órgano de contratación, de conformidade co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, é polo que propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Expoñer ao público o proxecto e os pregos do expediente para a adxudicación directa mediante concesión demanial de dúas fincas de dominio público municipal, con destino ás actividades antes referidas, coa precisión salientada no informe xurídico respecto da referencia ao art. 137.4.b) da LPAP, durante 30 días hábiles a contar desde o día seguinte da publicación dun anuncio no BOP.

Firmado por: MERCEDES EGUILETA MARTINEZ
Servizo: SERVIZO DE PATRIMONIO
Cargo: XEFA DE SERVIZO
Fecha: 25/04/2017
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:JKQEKE139E0DK0OT